



veciñanza

nota de prensa

## **Veciñanza esíxelle ao Alcalde de Cuntis que actúe en defensa da atención sanitaria ante o desprezo da Consellaría de Sanidade**

---

*No pleno extraordinario de setembro o Alcalde propuxera un prazo de 15 días para manter unha reunión con Sanidade. Ese prazo foise adiando e a día de hoxe non hai novidades ao respecto. A Xunta mantén o seu desprezo polos veciños/as de Cuntis e o Alcalde debe tomar medidas*

---

Cuntis, 28 de outubro de 2017. Mes e medio despois da celebración do pleno extraordinario para abordar a situación da atención sanitaria en Cuntis **todo segue absolutamente igual e non hai novas ao respecto**. Logo da alarma creada nos meses de verán debido á acumulación de carencias no centro de saúde de Cuntis, entre elas, as constantes ausencias de facultativos, Veciñanza solicitara a celebración dun pleno extraordinario no que se propuxeron unha serie de medidas ao respecto. Desta sesión saíra o compromiso por parte do Alcalde de tratar de esgotar 'a vía institucional' antes da adopción doutro tipo de iniciativas, propostas tamén por Veciñanza.

**A reunión solicitada á Consellaría de Sanidade segue sen concretarse co paso das semanas e non se aprecia movemento ningún de parte do Goberno Municipal para evitar que o asunto se dilúa** e nin tan sequera se volva a tratar. Todos os prazos acordados por parte do Alcalde co voceiro de Veciñanza, Santi Martínez, foron vencendo sen poder concretar nin a celebración da reunión con Sanidade nin a posta en marcha doutras medidas.

Veciñanza esíxelle ao Alcalde que, ante a mofa continua da Consellaría de Sanidade aos veciños/as de Cuntis, convoque unha xunta de voceiros para acordar as medidas a tomar. O Goberno Municipal debe liderar a esixencia á Xunta de Galicia dun respecto mínimo e unhas condicións dignas para a atención sanitaria en Cuntis.

